

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 28 DE SETEMBRO DE 2020.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a. Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González

NON ASISTE:

D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

D. Roberto Babío Fernández

SECRETARIA XERAL ACCIDENTAL:

D.^a María de las Nieves Fuentes Bermejo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día vinte e oito de setembro do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía do vinte e cinco de setembro de dous mil vinte), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a. Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra e D. Abraham Seijas González)

Non asiste á sesión a Sra. Concelleira D.^a Yéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral accidental, D.^a María de las Nieves Fuentes Bermejo

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- DACIÓNS DE CONTA.

1.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 11 de setembro de 2020, de Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación -Dirección Xeral de Enerxía e Minas-, pola que se someten a información pública as solicitudes de aprobación definitiva do proxecto sectorial de ampliación das instalacións da sede central do Grupo Caamaño, situada en Alvedro (Culleredo), e de declaración de utilidade públicas das obras e instalacións proxectadas. DOG núm. 196 do 28-09-2020.

1.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

1.2.1. O sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das actividades da Concelleira de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIAS

MARTES 29 DE SETEMBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

I ciclo “Cultura con conciencia”.

Panadería: *Elisa e Marcela*.

Código do documento	Código do expediente
USG14I01WX	USG/2020/139
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0W1V 021Z 2E2O 1S09 0IV3	

Público adulto. Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

MÉRCORES 30 DE SETEMBRO.

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

Obradoiro *O legado de Verne (escape room portátil)*.

Aforo limitado polo COVID a 20 nenos/as, a partir de 10 anos.

Previa inscrición, chamando ao teléfono 981650077 dende o luns 21.

XOVES 1 DE OUTUBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

I ciclo "Cultura con conciencia".

Concerto de Black: *Voces de muller*.

Público adulto. Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

VENRES 2 DE OUTUBRO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

Obradoiro "Robótica na Biblioteca".

Aforo limitado polo COVID a 9 nenos/as. A partir de 8 anos. Uso obrigatorio de mascariña.

Previa inscrición. Chamar á Biblioteca ao número 981650077, dende o luns 28.

VENRES 2 DE OUTUBRO

Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Festival Galicreques.

Títeres Alacrán (Galicia): *Circo galaico*.

A partir de 4 anos. Reserva de asentos na mesma semana no teléfono 981665597.

Aforo limitado polo COVID. Uso obrigatorio de mascariña."

1.2.2. A sra. Alcadesa en funcións dá conta das seguintes resolucións emitidas dende a Concellería da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
21/08/20.	1060	Conceder o servizo municipal de axuda a domicilio Conceder o servizo municipal	***4857**	5 horas á semana (agás festivos).

Código do documento	Código do expediente
USG14I01WX	USG/2020/139
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0W1V 021Z 2E2O 1S09 0IV3	

		de axuda a domicilio.	***0113**	3 horas á semana (agás festivos).
21/08/20	1063	Conceder unha ampliación do servizo municipal de axuda a domicilio Conceder o Servizo de Teleasistencia domiciliar para persoas non dependentes e dar traslado desta resolución á Deputación da Coruña	***5721**	5 horas á semana (agás festivos).
7/09/20	1099	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia	***4254**	
7/09/20	1100	Conceder unha ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar	***1100**	10 horas á semana (agás festivos).

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
21/08/20	1054	Conceder unha axuda económica	***0107**	Pago de aluguer, correspondente aos meses decembro de 2019 (400€), xaneiro de 2020 (400€) e parte de febreiro de 2020 (275€).	1075€
21/08/20	1055	Conceder unha axuda económica	***4197**	Pago de aluguer, correspondente a 25€ do mes de marzo de 2020 e 350€/mes de abril a xuño de 2020.	1075€
21/08/20	1056	Conceder unha axuda económica	***7379**	Pago do recibo de auga correspondente ao 1º e 2º trimestre de 2020. Pago de recibo de luz, correspondente aos periodo do 10/02/2020 ao	239,16€, 191,21€

Código do documento USG14101WX	Código do expediente USG/2020/139
Código de Verificación Electrónica (COVE)  0W1V 021Z 2E2O 1S09 0IV3	

C.I.F. P-1503100-H

				<p>14/07/2020.</p> <p>Pago de recibo de gas, correspondente aos periodo do 10/02/2020 ao 09/06/2020.</p> <p>Pago de recibos de auga correspondentes ao 3º trimestre de 2020.</p> <p>Pago de recibos de luz correspondente ao periodo do 14/7/20 a outubro do 2020.</p> <p>o pago de recibos de gas correspondente ao periodo do 09/06/20 a outubro do 2020.</p> <p>Pago dos recibos da comunidade correspondente ao ano 2020.</p>	197,24€
21/08/20	1057	Conceder unha axuda económica	***8631**	<p>Pago de hipoteca correspondente os meses de xullo (72€) agosto (185€) e setembro (185€) de 2020.</p> <p>Pago de recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2020.</p> <p>Pago de recibo de electricidade, correspondente ao periodo do 8/10/2020 ao 03/06/2020.</p> <p>Conceder unha axuda económica para o pago de recibos de comunidade correspondentes ao ano 2018 e xaneiro de 2019.</p>	<p>442€</p> <p>58,08€</p> <p>225,74 €</p> <p>349,86€</p>
21/08/20	1058	Conceder unha axuda económica	****5532*	Pago de aluguer Correspondente aos meses de marzo (85€) e de abril a xuño (330€/mes) de 2020.	1075€

Código do documento	Código do expediente
USG14I01WX	USG/2020/139
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0W1V 021Z 2E2O 1S09 0IV3	

C.I.F. P-1503100-H

				Pago do recibo de gas correspondente ao período de 01 de xaneiro de 2020 a 11 de xuño de 2020.	168,73€
11/09/20	1106	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***3598**	<p>Pago do recibo de auga correspondente ao 2º trimestre de 2020.</p> <p>Pago do recibo de luz, correspondente ao período de 16 de xullo de 2020 a 16 de agosto de 2020.</p> <p>Pago do recibo de gas, por un importe de , correspondente ao período de 12 de xuño de 2020 a 10 de agosto de 2020.</p>	<p>56,65€</p> <p>14,12€</p> <p>31,38€</p>
11/09/20	1107	Conceder unha axuda económica	***0366**	<p>Pago de recibo de luz correspondente ao período do 07 de novembro de 2019 a 08 de xuño do ano 2020.</p> <p>Para o pago de recibos de luz , correspondentes a os meses de xullo de 2020 a decembro de 2020.</p> <p>Recibo de auga, correspondente o cuarto trimestre de 2019.</p> <p>Recibos de auga , correspondentes ao ano 2020.</p> <p>Bono de alimentos tipo A durante tres meses e cunha entrega mensual.</p>	<p>597,57€</p> <p>63,08€</p>
16/09/20	1116	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago	***5082**	Pago do recibo de auga, por un importe de , correspondente ao 2º trimestre do ano 2020	54,40€

Código do documento	Código do expediente
USG14I01WX	USG/2020/139
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 0W1V 021Z 2E2O 1S09 0LV3	

				Pago do recibo de gas, correspondente ao período de 12 de xuño de 2020 a 12 de agosto de 2020.	17,34€
--	--	--	--	--	--------

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

A concellaria de política social colaborará co Sergas na campaña de vacinación antigripal 2020. A colaboración terá as seguintes medidas:

1. Colocación de 10 carteis en marquesinas.
2. Colocación de 90 carteis gran formato en centros, colegios, polideportivos...
3. Difusión en web municipal e redes.
4. Cuña publicitaria na Radio Municipal.

Este ano mais ca nunca será unha prioridade o fomento de que a maioría dos cullerenses, en especial a poboación de riso, se vacinen en masa”

1.2.3. A sra. Secretaria Xeral Accidental dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 221/2020 do 1 de setembro de 2020 do Xulgado do Social Nº 1 de A Coruña, DSP DESPIDO/CESES EN GENERAL 873/2019, demandante M.P.L fronte ao Concello de Culleredo Serviplus total SL, Esproade SL, o fallo estima a demanda presentada declarando improcedente o despido.

A sentenza non é firme cabe interpoñer o RECURSO DE SUPPLICACIÓN.

2.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral accidental, dou fe.

Visto e prace

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)

Código do documento	Código do expediente
USG14I01WX	USG/2020/139
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
0W1V 021Z 2E2O 1S09 0IV3	

C.I.F. P-1503100-H